

Sres. Membros do Padroado da Fundación do Pedrón de Ouro

Amigas e amigos:

Moitas grazas e os nosos parabéns a D. Henrique Ortiz Alonso, Pedrón de Honra nesta edición. A nosa gratitude á mantedora do acto polas súas palabras de gabanza á nosa traxectoria.

Como non pode ser doutra maneira, recibimos con grande orgullo esta distinción. E facémolo -como xa lle anticipamos ó Padroado da Fundación- dende a seguridade de que os nosos méritos non son maiores dos que posúen moitas outras persoas e entidades que viñeron e veñen traballando a cotío polos mesmos ou semellantes obxectivos: a consecución dunha escola pública inserida e motor da construción da nación soñada por tantos e tantos devanceiros. Coa nosa lingua e a nosa cultura como alicerces insubornables e co traballo, calado e público a un tempo, como camiño e vieiro cara a ese destino arelado.

Estimamos este recoñecemento na súa oportunidade, xa que chega ó mesmo tempo que se toman devastadoras decisións que buscan o devalo da educación pública, pro que lle outorga ó traballo pedagóxico unha feliz ocasión para a súa visibilidade baixo outras claves. Claves afastadas da iniquidade duns tempos nos que, baixo a coartada da crise económica, se pretende limitar gravemente a extensión do dereito á educación, afectándolles principalmente ós colectivos que máis tardiamente participan desta conquista social.

Hai que recoñecer que as formulacións que sitúan a educación como subsidiaria da economía foron gañando posicións desde xa hai un tempo. E nese contexto, fronte ás medias verdades de implacables estatísticas de diversa factura, pra defendérmo-la educación pública parece que hai que demostra-la súa rendibilidade. Úsanse os resultados de distintos informes

avaliativos cando convén e para a sinalización nesgada das responsabilidades - por ter xerado nuns casos defecto e noutros sobreabundancia-, a semellanza das notas coas que as distintas axencias de cualificación de riscos se atreven a etiquetar países enteiros, comprometendo significativamente a dignidade das persoas.

Dende a administración pública é dende a que se planifica a privatización progresiva da educación e dos servizos a ela asociados, pretendendo transformala nun mercado para os que poidan pagala e relegando os servizos públicos a funcións practicamente asistenciais, pervertendo así as bases do pacto social que posibilitou a emerxencia e o desenvolvemento dos servizos públicos de cobertura universal.

As políticas neoliberais que se veñen aplicando seguen un guión ben identificado. Primeiroponse en tea de xuízo o servizo que se presta, logo seguen as proclamas de austeridade e, ós poucos, éntrase a recortar programas, axudas, servizos e medios, argumentando duplicidades a corrixir e optimizacións a considerar. Paralelamente desbáldense os cartos sempre que sexa conveniente pra lles dar saída a compromisos ideolóxicos partidarios ou a accións de propaganda. Ó final todo suma; ou mellor dito, todo resta pro na mesma dirección: desgastar a escola pública e eliminar toda aparencia de compromiso co país.

Como temos manifestado reiteradamente, o maior dano causado non está sequera na mingua de recursos, senón na maledicencia do discurso. Na apropiación das grandes palabras -liberdade, esforzo, plurilingüismo, autoridade, calidade ou excelencia- coas que se constrúen mensaxes simples pra explicar realidades complexas, descualificando a discrepancia baixo a permanente acusación de contaminación ideolóxica. Precisamente dende aí,

sen escatimaren nada, deséñanse e aplícanse accións na procura do reforzamento dos aspectos autoritarios, academicistas, segregadores e descontextualizadores da educación. E desta volta, outros tempos e pantasma que criamos superados regresan envoltos na retórica da confusión.

Retrotraéndonos no tempo, Nova Escola Galega naceu hai 29 anos coa determinación de traballar na procura doutros horizontes para a educación. Precisamente cando -logo da longa noite de pedra- se estaban deseñando as principais características do sistema educativo. Atentos á súa formulación e cun caudal de propostas alternativas que aniñaban nun pensamento e nunhas prácticas herdeiras da tradición pedagóxica da Escola Nova e da Escola Moderna, dos logros da Institución Libre de Ensinanza, ou das realizacións pedagóxicas da II República, dun feixe de colectivos de ensinantes que pensaron na converxencia de esforzos como mellor maneira pra serviren os intereses desta causa que inspirou o noso nacemento, e que é a razón da nosa existencia e actividade: a defensa dun modelo de escola pública galega -na que sobrancean a nosa lingua e nosa cultura-, democrática, laica, construída sobre valores de pluralidade, equidade e xustiza social -polo tanto inclusiva e respectuosa coa diversidade-, investigadora, crítica e pensada dende unha pedagogía renovadora na súa orientación, metodoloxías, recursos e experiencias.

Unha pedagogía asentada na necesidade de entende-lo mundo pra transformalo. Unha pedagogía que, tomando prestado o lema de Paz Andrade, teña a Galicia como tarefa. Mesmo acollendo as preguntas primeiras de Sabela, de Xan, ou aquelas reflexións de Balbino, pra lles dar cumprida resposta: “Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendelo. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. ¿Que é todo isto?

Ninguén me di, poño por caso, pra que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros"...

O noso traballo neste tempo abrangueu distintas fronteas, sinaladamente as da formación permanente, da acción reivindicativa e da proposta de alternativas. Non vén agora a conto facer sequera unha escolma do realizado, pro se cadra pode ser útil pra entende-la nosa ocupación e as nosas preocupacións citar algunhas temáticas recorrentes: a normalización lingüística, a educación para a paz, a escola rural, os materiais educativos, a diversidade e a escola inclusiva, o patrimonio cultural, a educación no territorio, a formación do profesorado, a educación social e a escola, a organización do sistema educativo, a participación e a comunidade educativa, a orientación, a fenda dixital e as tecnoloxías da información e da comunicación, a educación afectiva, a memoria histórica, os tempos educativos... e un longo etcétera de asuntos que nos mantiveron e nos teñen afeitos. Debates, xornadas, análises e posicionamentos, elaboración de recursos materiais, publicacións... foron e son os diversos formatos das nosas achegas.

Queremos salientar a RGE, un proxecto editorial plural e construído desde as posicións de reforma democrática da educación, ó servizo dunha sociedade solidaria, libre, e cultural e lingüisticamente normalizada, que camiña a carón dos logros e retos da comunidade educativa. As súas páxinas son testemuña das sombras e luces da educación no noso país, e reflexo dun esforzo colectivo por estar á altura, sorteando dificultades, sobrepoñéndonos ás inercias. Recentemente, coa publicación do número 50, celebrámo-lo seu XXV Aniversario, en plena crise dos medios en papel e en galego, e co desleixo máis absoluto da administración cara a esta iniciativa, ou a calquera outra que poidamos promover.

Humildemente pensamos que o traballo que vimos desenvolvendo supón un camiño contrario á DESPROFESIONALIZACIÓN. Pola confluencia de ensinantes de distintos niveis educativos e de diferentes ámbitos de especialización; pola propia organización interna, en grupos de traballo, favorable ó labor colaborador e transversal; pola declarada e respectada independencia organizativa e institucional doutras organizacións políticas, sindicais, académicas ou administrativas; pola probada capacidade para traballarmos en rede con organizacións cívicas e no marco institucional. Por todos estes trazos, este proxecto que chamamos Nova Escola Galega pretendeu ser desde o seu comezo un espazo pra partillarmos dúbidas e convicións asociadas á nosa práctica profesional cotiá, pra acordarmos e discrepamos, coa certeza de que o noso xeito de debate é un potente antídoto contra o desacougo.

Cómpreme agradecer aquela arela inicial dos e das pioneiras que aloumiñaron a escola das pombas en tempos grises; porque en boa medida se hoxe estamos aquí é grazas á forza do seu amor polo país e á intelixencia daquel movemento converxente. Igualmente, esta nosa presenza ao longo do tempo débese ao agarimo de compañeiros e compañeiras de distintas xeracións que achegamos novas voces e propostas, e que vemos con esperanza a incorporación das persoas máis novas, portadoras dese aire sempre fresco da dúbida, que nos obriga a novas descubertas. A nosa lembranza agradecida para aqueloutras que xa non están canda nós, pro son parte fundamental da nosa cerna.

Non chegamos sós ata aquí, e polo tanto debemos agradecer tamén o camiño que andamos con entidades, organizacións, institucións e persoas, coas que fomos tecendo un traballo compartido, non exento de dificultades, pro imprescindible se queremos mudar a gramática social que ameaza os logros da educación pública, e contribuírmos a esnaquiza-la maceta que constrinxen a lingua de noso, nesa atinada metáfora da “cultura do bonsai”. Pouco proclives

a considerar o abandono sequera como unha posibilidade, e desbotando calquera identificación para o noso labor coa imaxe de Sísifo, preferimos recoñecernos ora como Vulcanos ora como Mercurios –en todo caso deuses menores- que simbolizan o traballo silencioso e disciplinado e a comunicación sempre aberta, na procura dunha mellor sintonía e articulación co mundo.

Sabémonos parte dunha corrente vigorosa de educadoras e educadores que teñen como oficio facer da pedagogía un camiño para os soños e para a utopía. Queda, por tanto, un longo percorrido, unha aventura incerta.

Porque como di Galeano: “a utopía está no horizonte. Camiño dous pasos, ela distánciase dous pasos e o horizonte móvese dez pasos máis alá. ¿Entón, pra que serve a utopía? Pra iso, serve pra camiñar”.

Moitas grazas.